


13º CONGRESO DO S.N. DE CCOO DE GALICIA
Santiago de Compostela, 15 e 16 de maio do 2025

PROPOSTA DE ESTATUTOS



Documento
aprobado no
Consello Nacional
do 27 de setembro
de 2024

1 **ESTATUTOS DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA.**

2 **PROPOSTA 13.º CONGRESO**

3 Estes Estatutos teñen o obxectivo de regular a actividade do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia e son de
4 aplicación a todas as organizacións que compoñen a estrutura sindical, así como ao conxunto da afiliación.

5 Ante disposición en sentido contrario, prevalecerá o disposto nos Estatutos confederais e nos seus regulamentos ou,
6 se for o caso, o que acorde o Consello Confederal.

7 **DEFINICIÓN DE PRINCIPIOS**

8 Os principios en que se inspira o sindicalismo de novo tipo do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia son:

9 **REIVINDICATIVO, NACIONAL E DE CLASE**

10 O Sindicato Nacional de CCOO de Galicia defende as reivindicacións dos traballadores e traballadoras, e no seu seo
11 poden participar todos os traballadores e traballadoras sen discriminación ningunha. Oriéntase cara á supresión da
12 sociedade capitalista e á construción dunha sociedade socialista en liberdade.

13 A súa acción, de todo tipo, desenvólvese no seo da nación galega, unha das que configuran o Estado plurinacional
14 español. Isto supón loitar para conseguir a completa igualdade de quen vive e traballa en Galicia, rexeitar calquera
15 tipo de discriminación por razóns de orixe xeográfica ou lingüística e reafirmar a plena solidariedade de intereses do
16 pobo galego cos outros pobos do Estado español.

17 En consecuencia, o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia recoñece e desenvolve a súa actividade nos marcos
18 legais existentes e respéctaos como expresión da vontade democrática do pobo galego, que no seu día os aprobou.
19 Aposta decididamente pola defensa do binomio indisoluble que conforman o progreso nacional e o progreso social.

20 Así mesmo, o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia declárase partidario do desenvolvemento progresivo do marco
21 constitucional e do Estatuto de autonomía. Consecuentemente coa nosa defensa dun modelo federal de Estado, o
22 Sindicato Nacional de CCOO de Galicia apoiará o recoñecemento do dereito a autodeterminación do pobo galego,
23 exercido polos procedementos democráticos que correspondan.

24 **UNITARIO**

25 No seu seo poden coexistir distintas concepcións políticas, ideolóxicas e relixiosas. Mantén como obxectivo
26 irrenunciable a procura da unidade sindical libremente decidida polos traballadores e traballadoras. Neste sentido,
27 promoverá e incentivará toda iniciativa encamiñada a favorecer a unidade de acción das centrais sindicais
28 representativas e de clase, e promoverá e xeneralizará a construción de formas unitarias de representación dos
29 traballadores e traballadoras, a partir das asembleas e das organizacións que as propias traballadoras e traballadores
30 elixan democraticamente.

31 **DEMOCRÁTICO E INDEPENDENTE**

32 A independencia do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia exprésase e garántese, fundamentalmente, por medio
33 do máis amplo exercicio da democracia e da participación dos traballadores e traballadoras na vida interna do
34 sindicato.

35 As asembleas de afiliados e afiliadas, o funcionamento democrático de todos os órganos do Sindicato Nacional e o
36 respecto ás decisións acordadas por maioría son a base desta independencia, o que nos caracteriza como sindicato
37 asembleario. O Sindicato Nacional de CCOO asume as súas responsabilidades e articula a súa liña de acción con
38 independencia dos poderes económicos, do Estado, da comunidade autónoma e as súas institucións, dos partidos
39 políticos e de calquera outro interese alleo aos seus fins.

40 **PARTICIPATIVO E DE MASAS**

41 Considerando que a conquista das reivindicacións sociais e políticas das persoas esixe protagonismo directo, o
42 Sindicato Nacional de CCOO de Galicia propónse organizar a maioría delas co fin de incorporalas á loita de clases
43 pola súa propia emancipación.

44 O Sindicato Nacional de CCOO promoverá en todas as súas estruturas a participación da diversidade social existente
45 na clase traballadora.

46 **FEMINISTA. DE HOMES E MULLERES**

47 O Sindicato Nacional de CCOO de Galicia ten entre os seus principios o de defender, impulsar e desenvolver a
48 igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, así como combater a discriminación por razón de sexo.

49 O sindicato comprométese a loitar contra o acoso sexual e por razón de sexo e contra a violencia de xénero, e a
50 traballar para conseguir a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres na nosa sociedade.

51 Para isto, CCOO propón incorporar a transversalidade de xénero a todos os ámbitos da política sindical, promover e
52 desenvolver accións positivas nas relacións laborais e nas condicións de traballo, así como eliminar os obstáculos
53 para avanzar nunha representación igualitaria de homes e mulleres en todos os niveis e en todos os órganos de
54 dirección do Sindicato Nacional de CCOO.

55 Os órganos de dirección das federacións, das unións comarcais e intercomarcais e do Sindicato Nacional dotaranse
56 dunha Secretaría da Muller.

57 **SOCIOPOLÍTICO**

58 Ademais de reivindicar a mellora das condicións de vida e de traballo de todos os traballadores e traballadoras, asume
59 a defensa de todo aquilo que lles afecta como clase traballadora, na perspectiva de suprimir toda opresión e calquera
60 tipo de explotación.

61 Así mesmo, o Sindicato Nacional de CCOO de Galicia exercerá unha especial defensa das reivindicacións das
62 mulleres, da xuventude, das persoas maiores, da saúde laboral, do medio ambiente e do pacifismo, co fin de eliminar
63 calquera tipo de discriminación baseada no sexo, na idade, a raza, a orixe étnica e as conviccións políticas e relixiosas,
64 así como por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

65 O Sindicato Nacional de CCOO defenderá na súa práctica sindical os principios de solidariedade entre os traballadores
66 e traballadoras, e no seu funcionamento interno rexerase polo sentimento solidario entre as súas diversas
67 organizacións.

68 **SINDICATO DA DIVERSIDADE DE ORIXE, DE ORIENTACIÓN SEXUAL, IDENTIDADE E/OU EXPRESIÓN DE** 69 **XÉNERO**

70 O Sindicato Nacional de CCOO de Galicia combaterá o racismo e a xenofobia e promoverá os valores do respecto, a
71 tolerancia e a convivencia entre os membros das distintas etnias e pobos.

72 Conscientes de que somos diversas como persoas e iguais como traballadores e traballadoras e cidadáns e cidadás,
73 CCOO comprométese a promover nas empresas e na sociedade a cultura da convivencia e a diversidade persoal e
74 a igualdade de dereitos, e a loitar decididamente contra calquera manifestación, declaración ou acción de contidos ou
75 motivacións de tipo xenófobo, racista ou discriminatorio por razón de procedencia, nacionalidade, credo ou cultura.

76 O Sindicato Nacional de CCOO de Galicia comprométese a denunciar calquera tipo de discriminación, directa ou
77 indirecta, por razón da orientación sexual, identidade e/ou expresión de xénero no ámbito laboral e social e loitar
78 contra elas.

79 O sindicato maniféstase a prol da igualdade de trato, do respecto e da dignidade dos traballadores e traballadoras
80 lesbianas, gais, bisexuais, transexuais e intersexuais (LGTBI), combatendo, así mesmo, no seu ámbito interno,
81 calquera conduta ou actuación en senso contrario.

82 **INTERNACIONALISTA**

83 Ante a esencia internacionalista da clase traballadora, afírmase:

84 — Establecer e reforzar as relacións solidarias con todos os sindicatos de clase democráticos e representativos.

85 — Apoiar as reivindicacións específicas das persoas emigrantes e dos traballadores e traballadoras de orixe
86 estranxeira que traballan en Galicia.

87 Do mesmo xeito, o Sindicato Nacional de CCOO comprométese a manter de forma activa a súa solidariedade cos
88 pobos que loitan polas liberdades democráticas e coas persoas refuxiadas e traballadores e traballadoras perseguidos
89 por exercerem os seus dereitos democráticos.

90 **I. DEFINICIÓN DO SINDICATO NACIONAL**

91 **ARTIGO 1. Definición**

92 O Sindicato Nacional de CCOO de Galicia adopta a forma xurídica de sindicato ao amparo e consonte o estipulado
93 na Lei orgánica 11/85 do 2 de agosto, de liberdade sindical, e dispón de plena autonomía para exercer libremente a
94 súa actividade sindical en Galicia, aténdose, naturalmente, aos Estatutos da Confederación.

95 O Sindicato Nacional (S. N.) de CCOO de Galicia é unha organización sindical nacional e de clase con personalidade
96 xurídica propia e ten por tarefa súa esencial a decidida defensa dos intereses de clase dos traballadores e
97 traballadoras e mais os dereitos nacionais de Galicia, sempre na perspectiva do socialismo democrático e de abolir
98 todo tipo de opresión e explotación.

99 O S. N. de CCOO de Galicia é, por propia vontade, parte integrante da Confederación Sindical (C. S.) de CCOO e,
100 consecuentemente, parte tamén da Confederación Europea de Sindicatos (CES), e insire a súa acción na loita do
101 conxunto dos traballadores e traballadoras dos pobos de España e de Europa contra a explotación e polo socialismo,
102 sen recuar nunca na loita do pobo galego contra todo tipo de opresión nacional. Neste sentido, orienta a súa actividade
103 cara a:

- 104 a) O exercicio efectivo do dereito de todos os traballadores e traballadoras a un emprego estable e con dereitos.
- 105 b) A plena protección social das persoas traballadoras.
- 106 c) A mellora das condicións de emprego e de traballo da poboación activa.
- 107 d) A solidariedade internacional coas persoas traballadoras de todos os países.
- 108 e) A integración social e laboral de todos os traballadores e traballadoras en xeral, pensionistas e xubilados e
109 xubiladas, e, en especial, dos colectivos suxeitos a condicións de exclusión.
- 110 f) A mellora das condicións de vida e a promoción sociocultural das persoas traballadoras.
- 111 g) A consecución da igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, en particular mediante a loita pola
112 eliminación da discriminación da muller na sociedade, e contra todo tipo de violencia de xénero, con especial
113 atención ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo en calquera ámbito.
- 114 h) A protección do medio ambiente e a consecución dun modelo de desenvolvemento sostible e da soberanía e
115 seguridade alimentaria.

116 Para isto, o S. N. de CCOO de Galicia desenvolve a súa actividade a través de:

- 117 a) A negociación colectiva
- 118 b) A concertación social
- 119 c) A participación institucional e social
- 120 d) A asistencia, asesoramento e defensa individual e colectiva das persoas traballadoras
- 121 e) A promoción e/ou a xestión de actividades e servizos dirixidos á integración e á promoción social, cultural,
122 profesional e laboral das persoas traballadoras e especialmente das persoas afiliadas.
- 123 f) Cantas accións e actividades considere axeitadas para que se cumpran os seus obxectivos.

124 **ARTIGO 2. Domicilio social**

125 O S. N. de CCOO de Galicia terá o seu domicilio social en Santiago de Compostela, na rúa de Miguel Ferro Caaveiro,
126 8, San Lázaro, sen prexuízo de que os órganos competentes acorden o cambio a outro lugar, así como o
127 establecemento das delegacións e representacións que se consideren convenientes tanto no eido nacional coma no
128 comarcal ou local.

129 **ARTIGO 3. Emblema**

130 O emblema do S. N. de CCOO de Galicia, que debe recollerse nas publicacións, documentos públicos, propaganda,
131 etc., foi aprobado nun Consello Nacional. É un rectángulo vermello, coas letras CCOO en branco e un segundo
132 rectángulo azul encima do primeiro.

133 Non obstante, poderá ser modificado polo Consello Nacional por proposta do Comité Nacional.

134 **ARTIGO 4. Ámbito territorial**

135 O ámbito territorial da actividade do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia será o da Comunidade Autónoma de
136 Galicia.

137 **ARTIGO 5. Ámbito profesional**

138 O ámbito profesional de actuación do S. N. de CCOO de Galicia abranguerá:

- 139 a) Os traballadores e traballadoras activos, en paro ou á procura do seu primeiro emprego, a mocidade e os/as
140 pensionistas e xubilados e xubiladas.
- 141 b) Os traballadores e traballadoras autónomos, sempre que non teñan empregados/as ao seu cargo para
142 desenvolveren servizos relacionados coa súa actividade como autónomos.
- 143 c) Quen preste o seu servizo baixo o control e a dirección doutra persoa, calquera que sexa a forma xurídica que
144 adopte esta relación laboral.

145 **ARTIGO 6. O idioma**

146 O galego é o idioma oficial do S. N. de CCOO de Galicia.

147 **II. AFILIACIÓN AO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA. DEREITOS E DEBERES**

148 **ARTIGO 7. Afiliación**

149 A afiliación ao S. N. de CCOO de Galicia é un acto voluntario sen máis límites que a aceptación e a práctica dos
150 obxectivos sinalados na definición de principios, os que establecen os ámbitos profesionais do artigo 5 e, en xeral, os
151 obrigados polo respecto aos presentes Estatutos e demais normas e resolucións do Consello Confederal que os
152 desenvolvan.

153 A afiliación ao S. N. de CCOO de Galicia realizarase a través das súas organizacións segundo o encadramento
154 organizativo que acorden os órganos competentes e mais a situación laboral da persoa.

155 Só nos casos establecidos no artigo 14 letras *b, e, g e h* será preceptivo obter a rehabilitación mediante resolución
156 favorable do órgano de dirección que, no seu día, tramitou a proposta de sanción ou comunicou a baixa automática.

157 **ARTIGO 8. Carné**

158 O carné é o documento que acredita a afiliación. Os carnés do S. N. de CCOO de Galicia serán editados pola
159 Confederación Sindical de CCOO.

160 **ARTIGO 9. Dereitos dos afiliados e afiliadas**

161 Toda persoa afiliada ao S. N. de CCOO de Galicia ten dereito a:

- 162 a) Participar en todas as actividades sindicais e decisións que se tomen dentro do seu ámbito de afiliación e calquera
163 outros para os que fose elixida.
- 164 b) Ser electora e elixible nas votacións para os órganos de dirección e representación da sección sindical na empresa
165 ou centro de traballo.
- 166 c) Presentarse como delegado ou delegada para asistir a asembleas congresuais, congresos e/ou conferencias que
167 se convoquen no seu ámbito de encadramento.
- 168 d) Presentarse como candidato ou candidata tanto aos órganos do Sindicato Nacional como de calquera outro da
169 estrutura sindical de CCOO dentro do seu ámbito de encadramento.
- 170 As únicas restricións para o exercicio destes dereitos indícanse nestes Estatutos e nas súas normas de
171 desenvolvemento que se acorden para cada caso.
- 172 e) Recibir o carné, ou outro documento que acredite a súa afiliación, e ter á súa disposición os Estatutos e
173 regulamentos confederais e do Sindicato Nacional vixentes.
- 174 f) A liberdade de expresión e a manifestar opinións diferenciadas ou críticas sobre as decisións tomadas en calquera
175 ámbito da organización, sen prexuízo do deber de respectar e cumprir os acordos orgánicos adoptados. En ningún
176 caso o dereito á liberdade de expresión poderá amparar condutas irrespectuosas ou descualificadoras para cos
177 seus órganos ou persoas que os compoñen. Tampouco aquelas que causen grave prexuízo á imaxe pública
178 do sindicato ou atenten contra a dignidade persoal dos seus representantes, afiliados ou afiliadas.

179 g) O respecto ás súas opinións políticas, conviccións relixiosas e á súa vida privada.

180 h) Solicitar a intervención dos órganos competentes que entenden das reclamacións dos afiliados e afiliadas contra
181 actuacións de integrantes do sindicato e, en especial, contra as medidas disciplinarias que lles afecten
182 directamente.

183 i) Recibir o oportuno asesoramento sindical gratuíto así como o técnico, xurídico e asistencial no seu ámbito de
184 encadramento, na forma en que establezan os órganos competentes. Este dereito non inclúe o asesoramento
185 para reclamar ou tramitar accións xudiciais contra o S. N. de CCOO de Galicia, as organizacións nela integradas
186 ou contra os seus órganos respectivos, nin fronte ás fundacións ou entidades similares por el creadas.

187 Non obstante o anterior, as persoas afiliadas con contrato de traballo coas organizacións sindicais confederadas
188 en CCOO, as súas fundacións ou entidades similares creadas por el terán o dereito de ver resarcidos os gastos
189 de defensa xurídica que puideren ter que realizar con profesionais externos, en casos de demandas xudiciais
190 interpostas contra as organizacións confederadas de CCOO con ocasión da súa relación laboral.

191 O dereito concrétase no aboamento dunha cantidade igual á establecida na tarifa confederal de honorarios
192 profesionais de CCOO segundo o tipo de demanda, cos axustes correspondentes en función da antigüidade na
193 afiliación e segundo os criterios aprobados no Consello Confederal.

194 j) A confidencialidade dos datos persoais comunicados ao sindicato. O acto de afiliación constitúe o consentimento
195 expreso para o seu tratamento, coa finalidade sindical e de xestión, así como con fins estatísticos e históricos por
196 parte do S. N. de CCOO de Galicia e a C. S. de CCOO e das súas organizacións confederadas. En ningún caso
197 poderá realizarse a cesión deses datos, salvo que medie autorización expresa da persoa afiliada, a persoas físicas
198 ou xurídicas diferentes do conxunto das organizacións confederadas.

199 Os dereitos anteriormente descritos, agás os recollidos nas letras *f, g e j*, exerceranse sempre que a persoa afiliada
200 estea ao día no pagamento das súas cotizacións.

201 As e os integrantes sindicais a quen se refire o artigo 28, apartado *i* destes Estatutos, exercerán os dereitos referidos
202 neste artigo nas letras *a, b, c, d, h e i*, encadrándose no ámbito en que desenvolvan a actividade de dirección para a
203 que foran elixidas/os.

204 **ARTIGO 10. Elección dos órganos do sindicato e dos delegados e delegadas ás asembleas e conferencias** 205 **congresuais**

206 1. As persoas que compoñen os órganos de dirección e representación e das asembleas congresuais serán
207 electivas. Tan só poderán ser revogadas antes da finalización do seu mandato polos órganos que as escolleron
208 ou polas restantes causas sinaladas nos Estatutos, incluídas as causas disciplinarias ou as derivadas dalgunha
209 incompatibilidade. A baixa na afiliación provocará o seu cesamento automático en todos os cargos.

210 A revogación por parte dun órgano diferente ao que as elixiu deberá adoptarse baseándose no previsto nos artigos
211 13 ou 20, segundo corresponda.

212 2. As persoas candidatas a formaren parte de órganos de dirección e representación da estrutura do S. N. distintos
213 da sección sindical acreditarán unha antigüidade mínima de seis meses, agás naqueles órganos para os que se
214 estableza outra norma nestes Estatutos.

215 En todos os casos deberá constar de xeito indubidable a aceptación da persoa para a súa inclusión na candidatura.

216 3. Na constitución e desenvolvemento do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia como sindicato feminista de homes
217 e mulleres, e para lograr a plena participación, compromiso e responsabilidade en todas as estruturas de dirección
218 elixidas e nas delegacións que corresponde elixir nos congresos ou asembleas, as candidaturas que se presenten
219 (excepto no nivel I) axustaranse ás seguintes regras:

220 a) Nas organizacións en que a afiliación de homes ou mulleres sexa inferior ao 30 % incorporarán, como mínimo, un
221 número de homes ou mulleres proporcional ao número de afiliadas ou afiliados nesas organizacións, incrementado
222 nun 10 %.

223 b) Nas organizacións en que a afiliación de mulleres sexa igual ou superior ao 30 % do total da afiliación e inferior
224 ao 50 %, deberá garantirse a representación paritaria e a presenza equilibrada entre mulleres e homes, de tal
225 maneira que as persoas de cada sexo non superen o 60 % nin sexan menos do 40 % (é óptima a paridade do
226 50 %-50 %).

227 c) Nas organizacións en que a afiliación de mulleres sexa igual ou superior ao 50 %, incorporarán unha porcentaxe
228 de mulleres non inferior ao 50 %.

229 d) As proporcións mencionadas deberán respectarse nas listaxes nos dous niveis: titulares e suplentes.

- 230 e) Nos congresos e/ou asembleas congresuais do primeiro nivel, o número de homes e mulleres que integrarán as
231 candidaturas, tanto para os órganos electos como para as delegacións que se elixan para os outros niveis
232 congresuais, será proporcional á afiliación de cada sexo na circunscrición congresual correspondente.
- 233 Nas circunscricións en que a afiliación de homes ou mulleres sexa inferior ao 30 %, incorporarán como mínimo un
234 número de homes ou mulleres proporcional ao mesmo número de afiliados e afiliadas na dita organización
235 incrementado nun 10 %.
- 236 f) Todas as candidaturas se elaborarán garantindo a alternancia entre homes e mulleres, desde a primeira posición
237 ata onde o número de candidato e candidatas o permita, en concordancia coas regras anteriores.
- 238 4. As eleccións deberán estar presididas en todo momento por criterios de unidade, fundamentalmente mediante
239 candidaturas únicas e pechadas. De non se acadar unha listaxe única, a elección rexerese polas seguintes regras:
- 240 a) Cada candidatura deberá presentar tantos candidatos e candidatas coma postos haxa que escoller.
- 241 b) Só se admitirán as candidaturas presentadas co apoio, polo menos, do 10 % dos delegados e delegadas
242 acreditados.
- 243 c) Mediante o sistema de representación proporcional, atribuirase a cada candidatura o número de postos que lle
244 corresponda, consonte o cociente que resulte de dividir o número de votos válidos non brancos polo de postos
245 que se deben cubrir. Os postos sobrantes atribuiráselles ás listas, en orde decrecente, segundo os restos de
246 cada unha delas. En caso de empate en votos, en enteiros ou restos para a asignación do último posto para cubrir,
247 resultará elixida a persoa de maior antigüidade; de ser a mesma, a que sexa de menor idade e, no caso de coincidir
248 ambos os criterios, atribuiríase a unha muller.
- 249 d) Dentro da mesma listaxe resultarán elixidas pola orde en que figuran na candidatura.
- 250 e) Nos casos de eleccións de delegados e delegadas aos congresos ou asembleas congresuais, estarase ao que se
251 dispoña nas normas aprobadas para o proceso congresual correspondente.
- 252 f) Na elección para a Comisión de Garantías, a forma de atribución de postos será polo sistema maioritario.
- 253 **ARTIGO 11. Correntes sindicais. Correntes de opinión**
- 254 1. Poderán existir no Sindicato Nacional de CCOO de Galicia correntes sindicais que terán plena capacidade de
255 expresión pública, co único límite sinalado no artigo 9.f destes Estatutos. As correntes sindicais terán as seguintes
256 condicións:
- 257 a) Non estar organizadas no interior de CCOO como unha organización dentro doutra, nin constituír estruturas
258 paralelas ás do S. N. de CCOO.
- 259 b) Non atentar contra a unidade, principios, estatutos e programas do S. N. de CCOO de Galicia.
- 260 c) Deberán cumprir os acordos tomados polos órganos correspondentes.
- 261 d) A existencia dunha corrente sindical no seo de CCOO aprobarase nun congreso ordinario ou extraordinario do
262 S. N. de CCOO de Galicia, logo da proposta favorable da maioría simple do Consello Nacional ou un terzo das
263 federacións nacionais ou un cuarto das unións territoriais.
- 264 e) As correntes sindicais respectarán o debate aberto, non establecerán disciplina de voto, nin se expresarán por
265 medio de portavoces nos órganos do S. N. de CCOO de Galicia.
- 266 f) As correntes sindicais así constituídas serán dotadas dos medios necesarios para o cumprimento das súas
267 funcións. Especialmente, facilitaráselles o acceso aos medios de comunicación e ás publicacións do S. N.,
268 garantíndolles capacidade de expresión pública.
- 269 As correntes de opinión sobre opinións concretas ou sobre temas de carácter xeral serán consideradas sempre que
270 contén con, polo menos, un 10 % da afiliación do ámbito correspondente, dos delegados e delegadas asistentes ao
271 congreso ou do máximo órgano de dirección do ámbito correspondente.
- 272 **ARTIGO 12. Deberes dos afiliados e afiliadas**
- 273 a) Os afiliados e afiliadas deberán cumprir os Estatutos do S. N. de CCOO de Galicia e os regulamentos, normas e
274 resolucións do Consello Nacional que os desenvolvan; deberán cumprir o Código Ético da C. S. de CCOO e
275 procurarán a consecución dos fins e obxectivos que a C. S. e o S. N. de CCOO de Galicia propugnan e a posta
276 en práctica dos acordos.
- 277 b) Deberán cumprir as decisións democraticamente adoptadas polo S. N. en cada un dos seus órganos e niveis da
278 estrutura sindical, e defenderán as orientacións e decisións tanto do órgano en que se desenvolve a súa actividade
279 como dos superiores.

- 280 c) Os acordos adoptados por calquera órgano do S. N. de CCOO de Galicia son vinculantes e obrigan, en canto á
281 súa aceptación, defensa e cumprimento, a todos os afiliados e afiliadas representados no órgano e aos seus
282 integrantes, aos que se lles respectará o dereito a se expresaren libremente na acta en que se plasme o acordo,
283 a opinión contraria ou distinta da acordada polo órgano.
- 284 d) Deberán satisfacer a cota que establezan os órganos competentes da C. S. de CCOO.
- 285 e) Aceptan a actuación das comisións de garantías e obríganse a esgotar tales vías internas de recurso antes de
286 exercer as accións xudiciais que puideren corresponder.
- 287 f) As persoas afiliadas que decidan presentarse nas candidaturas a algún dos cargos públicos sinalados no artigo
288 30 non poderán usar na propaganda electoral a responsabilidade que exerzan en calquera órgano de CCOO.
- 289 g) Os afiliados e afiliadas deben participar nas votacións para a elección de representantes de persoal dos seus
290 ámbitos de traballo.
- 291 h) Deberán facer bo uso dos dereitos sindicais que lles corresponden, conforme ao código de utilización destes e ao
292 Código de conduta.
- 293 i) Cumprir as políticas que sobre seguridade, confidencialidade e protección de datos acorden os órganos do
294 sindicato.

295 **ARTIGO 13. Medidas disciplinarias**

296 O incumprimento polos afiliados e afiliadas das obrigas e deberes estatutarios poderá dar lugar á adopción de medidas
297 disciplinarias polo órgano competente. O Consello Confederal aprobará un regulamento en que se definan as faltas,
298 distinguindo a súa cualificación, así como as sancións segundo a gravidade das faltas e os órganos competentes para
299 sancionar e acordar a apertura de expediente sancionador. Este regulamento será tamén de aplicación, en todos os
300 seus termos, no ámbito do S. N.

301 O devandito regulamento conterá unha descrición das faltas, cualificándoas como moi graves, graves e leves, así
302 como as sancións que se aplicarán en correspondencia coa súa gravidade.

303 Por faltas moi graves:

- 304 a) Expulsión.
- 305 b) Suspensión de dous a catro anos dos dereitos do afiliado ou afiliada, ben na súa totalidade, ben en aspectos
306 concretos.

307 Por faltas graves:

- 308 a) Suspensión de seis meses a dous anos dos dereitos do afiliado ou afiliada, ben na súa totalidade, ben en aspectos
309 concretos.

310 Por faltas leves:

- 311 a) Suspensión dun a seis meses dos dereitos do afiliado ou afiliada, ben na súa totalidade, ben en aspectos
312 concretos.
- 313 b) Amoestación interna.

314 O regulamento conterá tamén os procedementos para instruír expedientes sancionadores, os prazos que se
315 respectarán na instrución, as garantías para recorrer as sancións impostas ou a desestimación destas, os prazos de
316 prescrición das faltas, os requisitos para acordar suspensións cautelares de dereitos, os procedementos
317 sancionadores nos casos de membros do Consello Confederal e dos órganos de garantías e control, así como os
318 requisitos para obter a rehabilitación de dereitos por parte de calquera persoa sancionada e calquera condición que
319 deba respectarse ante a adopción de medidas disciplinarias.

320 Na tramitación de expedientes sancionadores respectarase o dereito de audiencia da persoa interesada antes de
321 adoptarse calquera medida sancionadora.

322 **ARTIGO 14. Baixa no Sindicato Nacional**

323 Deixarase de pertencer ao S. N. de CCOO de Galicia por:

- 324 a) Libre decisión do afiliado ou afiliada.
- 325 b) Resolución sancionadora dos órganos competentes do S. N. de CCOO de Galicia, logo da tramitación do
326 expediente oportuno.

- 327 c) Falta de pagamento inustificada de tres mensualidades consecutivas ou un recibo trimestral, tras o aviso previo
328 á persoa interesada.
- 329 d) Pasamento da persoa afiliada.
- 330 e) Presentación ás eleccións sindicais nunha candidatura distinta á avalada por CCOO, agás pola autorización
331 expresa por parte do órgano de dirección competente no ámbito correspondente.
- 332 f) Circunstancias sobrevidas que supoñan a exclusión do afiliado ou afiliada do ámbito profesional do sindicato.
- 333 g) Por subscribir a acta de constitución dun sindicato ou participar na súa promoción.
- 334 h) Cando exista unha sentenza firme e condenatoria sobre acoso laboral, violencia de xénero ou acoso sexual,
335 racismo, xenofobia ou calquera outro feito que atente contra a dignidade ou integridade das persoas.
- 336 Nos supostos contemplados nas letras *b*, *e*, *g* e *h*, a baixa no sindicato producirase de forma automática desde a
337 mesma data do feito causante. Correspóndelle ao órgano de dirección do ámbito de encadramento comunicarlle a
338 dita baixa á persoa afiliada.

339 **ARTIGO 15. Suspensión da afiliación**

340 A afiliación ao S. N. de CCOO de Galicia quedará suspendida:

- 341 a) Por resolución sancionadora dos órganos competentes do S. N. de CCOO de Galicia logo da tramitación do
342 expediente oportuno conforme ao disposto no Regulamento de medidas disciplinarias das persoas afiliadas a
343 CCOO (RMDPA).
- 344 b) Cautelarmente, por decisión dos órganos executivos do S. N. de CCOO ou da organización en que se encontre
345 encadrada a persoa afiliada, conforme ao disposto no RMDPA.
- 346 c) Por ser obxecto de investigación nun proceso penal por violencia de xénero, acoso sexual, racismo, xenofobia ou
347 por calquera outro feito que atente contra a dignidade ou integridade das persoas. A duración da suspensión da
348 persoa afectada manterase ata que se dite sentenza ou sobresemento da causa. Correspóndelle ao órgano de
349 dirección en que estea encadrada a persoa investigada comunicar a dita suspensión cautelar á persoa afiliada.
- 350 d) Por ser obxecto de investigación nun proceso disciplinario interno ou penal por apropiación indebida de bens
351 patrimoniais do sindicato relacionados no artigo 37.

352 A suspensión da afiliación dun cargo sindical pola comisión dunha falta grave ou moi grave implica a perda definitiva
353 dos cargos que desempeñe.

354 **III. ESTRUCTURA DO SINDICATO NACIONAL**

355 **ARTIGO 16. Ámbitos de estruturación ou integración**

356 O S. N. de CCOO de Galicia estrutúrase en dous niveis:

- 357 a) En sentido vertical, integra as persoas traballadoras desde o seu lugar de traballo atendendo á rama en que están
358 encadradas. Basicamente, este nivel artículase así:
- 359 — Sección sindical de empresa ou centro de traballo
- 360 — Sindicato comarcal ou, de ser o caso, intercomarcal
- 361 — Federación nacional de rama
- 362 b) En sentido horizontal, integra as persoas traballadoras atendendo ao seu criterio de agrupación, no territorio de
363 que se trate. Basicamente, este nivel artículase en:
- 364 — Unións comarcais e intercomarcais

365 As federacións nacionais de rama e as unións comarcais e intercomarcais teñen niveis organizativos diferentes,
366 asumen responsabilidades distintas e deben desenvolver funcións complementarias.

367 A complementariedade das súas funcións materialízase no Comité de Extensión Sindical e na Comisión para a
368 Atención Integral ás Persoas, formados polas federacións, unións e Sindicato Nacional coa finalidade de alcanzar a
369 maior efectividade nas tarefas reivindicativas e organizativas. A cooperación dos recursos dispoñibles será a pauta
370 do seu funcionamento, de forma coordinada e compartida entre as organizacións, nos termos que determinen os seus
371 regulamentos.

372 Para atender e decidir sobre as materias que afectan ao conxunto das persoas traballadoras das Administracións
373 públicas, as federacións implicadas configuran a estrutura suprafederativa da Área Pública.

374 **ARTIGO 17. Configuración do Sindicato Nacional**

375 1. O Sindicato Nacional confedera as federacións nacionais e integra as unións comarcais ou intercomarcais:

376 a) **FEDERACIÓNS NACIONAIS DE RAMA**

377 A federación nacional de rama agrupa as persoas afiliadas dunha mesma rama de produción ou servizos de Galicia,
378 organizadas nos sindicatos comarcais ou intercomarcais e nas seccións sindicais de empresa; son parte integrante
379 da federación estatal da súa rama respectiva.

380 A Federación de Pensionistas e Xubilados, pola súa parte, é un colectivo de afiliados e afiliadas que teñen a
381 característica común de abranger todas as ramas, sectores e colectivos do Sindicato Nacional, que deixaron de ter
382 legalmente unha vida laboral activa.

383 Federacións:

384 — CCOO do Hábitat Galicia

385 — Federación do Ensino (FE)

386 — CCOO de Industria

387 — Federación de Pensionistas e Xubilados (PPeXX)

388 — Federación de Sanidade e Sectores Sociosanitarios (FSS)

389 — Federación de Servizos á Cidadanía (FSC)

390 — Federación de Servizos (FS)

391 b) **UNIÓNS COMARCAIS E INTERCOMARCAIS**

392 Territorialmente, integran o S. N. de CCOO de Galicia as unións comarcais e intercomarcais de:

393 — Unión Comarcal da Coruña

394 — Unión Comarcal de Ferrol

395 — Unión Intercomarcal de Santiago-Barbanza

396 — Unión Comarcal de Lugo

397 — Unión Comarcal da Mariña

398 — Unión Intercomarcal de Ourense

399 — Unión Comarcal de Arousa

400 — Unión Comarcal de Pontevedra

401 — Unión Comarcal de Vigo

402 O Consello Nacional, por proposta da Comisión Executiva Nacional, poderá propor a fusión de dúas ou máis unións
403 nunha soa; ou a segregación dunha para o seu encadramento noutra distinta; ou a segregación dunha para formar
404 dúas ou máis unións. Nestes casos deberá seguirse o seguinte procedemento:

405 — A Comisión Executiva Nacional, logo do debate coas unións afectadas, elaborará a proposta da nova estrutura
406 territorial.

407 — A proposta someterase ao Consello de cada unha das unións afectadas, que, reunidos expresamente para tal
408 fin, deberán pronunciarse sobre esta.

409 — Os acordos dos consellos das unións afectadas remitiranse á Comisión Executiva Nacional para que os teña en
410 conta á hora de elaborar a proposta definitiva, que deberá ser presentada ante Consello Nacional.

411 — O Consello Nacional deberá tomar unha decisión definitiva mediante maioría de dous terzos, nunha reunión
412 convocada coa orde do día previa na que conste a proposición da Comisión Executiva Nacional e os acordos
413 dos consellos das unións afectadas.

414 2. A denominación das organizacións anteriormente mencionadas poderá ser cambiada polo Consello Nacional por
415 proposta das federacións nacionais ou unións territoriais afectadas polo dito cambio.

416 3. As organizacións de rama concréntanse en federacións nacionais. Poderán organizarse en sindicatos provinciais,
417 comarcais ou intercomarcais e en seccións sindicais e estruturas funcionais. No suposto de que non exista
418 suficiente afiliación para constituílos, elixíranse coordinadores ou coordinadoras en asemblea congresual.

- 419 4. A organización territorial concrétese en unións comarcais e unións intercomarcais. Así mesmo, integrarán a
420 estrutura de rama correspondente no seu ámbito. Para o suposto de que non exista suficiente afiliación para
421 constituílas, elixiranse coordinadores ou coordinadoras en asemblea congresual.
- 422 5. Os sindicatos comarcais ou intercomarcais constitúen a organización a partir da cal se forman as organizacións
423 que integran o Sindicato Nacional de CCOO: federacións nacionais, unións comarcais e intercomarcais. Nestes
424 sindicatos intégranse as seccións sindicais de empresa ou centro de traballo e, en xeral, o conxunto de afiliados
425 e afiliadas do seu ámbito. As súas competencias e dependencia orgánica serán as definidas nos artigos 16 e 17
426 destes Estatutos.
- 427 6. As seccións sindicais están formadas polo conxunto de afiliados e afiliadas no centro de traballo, empresa ou
428 grupo de empresas, e constitúen a representación do sindicato nos seus ámbitos. Na súa constitución e
429 funcionamento observarase o disposto no regulamento de seccións sindicais aprobado polo Consello Confederal.
- 430 7. As seccións sindicais, e en xeral o conxunto da afiliación, intégranse na estrutura organizativa e funcional da súa
431 federación en función do ámbito territorial.
- 432 8. A Federación de Pensionistas e Xubilados de Galicia rexerese, na súa composición e funcionamento, polo
433 establecido nos Estatutos confederais.
- 434 **ARTIGO 18. Dereitos e deberes das federacións nacionais e as unións comarcais e intercomarcais**
- 435 1. Teñen a responsabilidade da dirección sindical no seu ámbito respectivo. Naqueles temas que pola súa especial
436 transcendencia revistan un interese sindical xeral ou se constate unha inhibición xeral, os órganos nacionais
437 poderán intervir neles e asumir a responsabilidade da súa dirección sindical, sen prexuízo do establecido no título
438 VI destes Estatutos sobre acción sindical. As federacións e unións poderán relacionarse directamente con todas
439 as organizacións da súa estrutura.
- 440 2. Aquelas federacións nomeadas no artigo 17.1.a disporán da autonomía de xestión dos seus recursos económicos
441 no seu ámbito de actuación.
- 442 As unións comarcais e intercomarcais teñen autonomía de xestión dos seus recursos económicos, dentro dos
443 parámetros dos seus respectivos orzamentos, aprobados polo Consello Nacional. Calquera acto ou contrato que
444 exceda destes límites requirirá a aprobación expresa do Sindicato Nacional.
- 445 Tanto as federacións como as unións comarcais e intercomarcais deberán cumprir os acordos en materia de
446 financiamento e patrimonio que adopten os órganos competentes do S. N.
- 447 3. Teñen o deber e o dereito de participar na elaboración da política sindical do S. N. de CCOO a través dos órganos
448 de dirección de que forman parte, así como o deber da súa aplicación e execución na rama ou no ámbito territorial
449 respectivo.
- 450 4. As federacións e unións, así como as organizacións e entidades nelas integradas, aceptan os Estatutos da
451 Confederación Sindical de CCOO e do Sindicato Nacional e o seu programa, a política sindical aprobada nos
452 congresos nacionais e nos seus órganos de dirección e a súa política de administración e finanzas, e están
453 vinculadas aos regulamentos, resolucións e decisións que adopten os Consellos Confederal e Nacional.
- 454 5. As federacións e unións, así como as organizacións e entidades nelas integradas, aceptan expresamente a
455 actuación da Comisión de Garantías Nacional nos seus ámbitos de actuación respectivos, así como as medidas
456 disciplinarias que os órganos estatutarios competentes poidan impoñer, comprometéndose a esgotar as vías
457 internas de recurso antes de exercer as accións xudiciais que poidan corresponder. No que concirne ás
458 federacións de nacionalidade, deberanse ter en conta as competencias que corresponden ás comisións de
459 garantías das súas respectivas federacións estatais.
- 460 6. Os/As representantes legais das federacións e unións comarcais e intercomarcais serán, para todos os efectos,
461 os seus secretarios ou secretarías xerais no ámbito da súa competencia e durante a vixencia do seu mandato.
462 Se, entre congreso e congreso, o secretario ou a secretaria xeral de calquera organización do S. N. de CCOO
463 dimite ou falece, poderá elixirse un novo secretario ou secretaria xeral por maioría absoluta no consello da
464 organización correspondente, ata o congreso ordinario ou extraordinario convocado para tal efecto, se así o decide
465 o órgano de dirección mencionado.
- 466 No suposto de que a estrutura organizativa dependente afectada non tivese constituído o seu consello, a elección
467 levarase a cabo nos mesmos termos pola súa comisión executiva.
- 468 Os secretarios e secretarías xerais das federacións nacionais, das unións comarcais ou intercomarcais e dos
469 sindicatos comarcais ou intercomarcais non se poderán reelixir por máis de tres mandatos.

470 Se a vixencia do mandato da Secretaría Xeral elixida en congreso extraordinario ou en consello (ou, se non houber,
471 en comisión executiva) non superar os dous anos, este mandato non se terá en conta para o cómputo do límite
472 dos tres mandatos.

473 **ARTIGO 19. Responsabilidade do S. N. de CCOO**

474 1. O S. N. de CCOO non responderá dos actos e das obrigas contraídos polas organizacións que se relacionan no
475 artigo 17.1 destes Estatutos se estas non cumprisen os acordos que en materia financeira e patrimonial adoptasen
476 os órganos competentes do S. N. Tampouco responderá se as ditas organizacións se exceden nos seus recursos
477 económicos autónomos, sen o coñecemento e a aprobación expresa dos órganos confederais competentes.

478 2. O S. N. de CCOO non responderá da actuación sindical das federacións e unións, adoptada por estas no ámbito
479 das súas respectivas competencias, agás nos supostos previstos nos artigos 18.1 e 32 (acción sindical) destes
480 Estatutos nos que mediase a intervención dos órganos nacionais.

481 3. O S. N. de CCOO de Galicia non responderá das actuacións dos seus afiliados ou afiliadas cando se efectúen a
482 título persoal e non sexan representativas do sindicato, todo isto con independencia das medidas sancionadoras
483 que o S. N. de CCOO poida adoptar respecto ao seu afiliado ou afiliada.

484 **ARTIGO 20. Medidas disciplinarias referidas aos órganos das organizacións integradas no S. N. de CCOO**

485 O incumprimento dos Estatutos, dos regulamentos ou das decisións adoptadas polo Congreso, Consello Nacional,
486 Comité Nacional, Comisión Executiva Nacional ou Comisión de Garantías do S. N. poderán dar lugar á adopción de
487 medidas disciplinarias.

488 Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, estarase ao que acorde, para este fin, o Consello Confederal de
489 CCOO.

490 **ARTIGO 21. Autodisolución ou dimisión dos órganos**

491 1. Considerarase dentro do suposto de dimisión o feito de que o órgano colexiado (incluída a Secretaría Xeral) vise
492 reducidas as persoas elixidas directamente no congreso a menos da metade. As vacantes que fosen cubertas por
493 acordo maioritario do Consello serán, para estes efectos, a mesma natureza que as elixidas directamente no
494 congreso.

495 2. A autodisolución ou dimisión da Comisión Executiva leva consigo tamén a suspensión definitiva das funcións do
496 consello do seu ámbito.

497 As funcións do consello suspendido serán asumidas polo Consello Nacional.

498 3. Nos casos de autodisolución ou dimisión da Comisión Executiva das organizacións territoriais integradas no S. N.
499 de CCOO de Galicia, a Comisión Executiva Nacional asumirá as competencias da dita comisión executiva e as
500 da Secretaría Xeral, e designará unha comisión xestora que actuará por delegación da Comisión Executiva
501 Nacional, coas funcións correspondentes ao órgano que substitúe.

502 No caso de autodisolución das federacións nacionais, estarase ao que, para este fin, establezan as federacións
503 estatais.

504 A Comisión Executiva Nacional tamén designará a persoa que, integrando a comisión xestora, a presidirá e
505 exercerá as funcións e competencias legais e estatutarias correspondentes á Secretaría Xeral.

506 Previamente á designación da comisión xestora, a Comisión Executiva Nacional deberá tratar de consensuar o
507 nomeamento daquela.

508 4. As persoas dimitidas non poderán formar parte da comisión xestora.

509 5. A Comisión xestora estará composta, como mínimo, por unha persoa integrante da Comisión Executiva Nacional
510 e por un afiliado ou afiliada do ámbito do órgano dimitido ou autodisolto.

511 6. A Comisión xestora convocará e realizará, no prazo máximo de doce meses, un congreso do dito ámbito para que
512 se proceda á elección dos novos órganos de dirección e representación, salvo nos supostos en que estea
513 pendente unha resolución da Comisión de Garantías; neste caso, o prazo de doce meses comezará a correr desde
514 que esta sexa publicada. A comisión xestora responderá da súa actuación ante o órgano sancionador e o seu
515 consello e, en última instancia, ante o máximo órgano do seu ámbito, o congreso que debe convocar, ao cal
516 poderán asistir como membros natos, dentro dos límites dispostos nas normas congresuais aprobadas para a súa
517 celebración. As funcións do consello suspendido serán asumidas polo consello do ámbito da comisión executiva
518 sancionadora. As delegacións elixidas en representación do consello suspendido para os consellos de ámbito
519 superior deberán volver elixirse.

520 **ARTIGO 22. Reunións e acordos dos órganos**

- 521 1. As reunións ordinarias dos órganos de dirección distintos do congreso serán convocadas pola Secretaría Xeral e
522 as extraordinarias, pola Secretaría Xeral ou, polo menos, por un terzo da súa composición, salvo que nestes
523 Estatutos se estableza outra cousa.
- 524 2. Os órganos entenderanse debidamente constituídos cando, en primeira convocatoria, estean presentes a metade
525 máis un dos seus compoñentes e, en segunda convocatoria, cando estean presentes polo menos un terzo.
- 526 3. As decisións de todos os órganos serán adoptadas por maioría simple, salvo cando se estableza outra maioría
527 nos Estatutos.
- 528 4. Existe maioría simple cando os votos afirmativos dos integrantes presentes sexan máis ca os negativos.
- 529 5. Para establecer as maiorías cualificadas (incluída a maioría absoluta) previstas nestes Estatutos, terase en conta
530 o número total de integrantes do órgano fixado no congreso que vaia tomar a decisión.
- 531 6. Os congresos entenderanse debidamente constituídos cando estean acreditados a maioría absoluta dos
532 delegados e delegadas convocados.
- 533 7. Nos congresos contaranse os delegados e delegadas acreditados para os efectos de establecer as maiorías
534 cualificadas.
- 535 8. As decisións adoptadas serán inmediatamente executivas. Vinculan e obrigan a quen forma parte do órgano que
536 as adopta, as estruturas dependentes e a afiliación do ámbito afectado, independentemente das reclamacións ou
537 recursos que poidan interpoñer ante os órganos competentes do sindicato ou da xurisdición social.

538 **IV. ÓRGANOS E CARGO DE REPRESENTACIÓN DO S. N.**

539 **ARTIGO 23. Órganos e cargo de representación do S. N. de CCOO**

- 540 1. Os órganos do S. N. de CCOO son:
- 541 a) O Congreso Nacional
- 542 b) A Conferencia Nacional
- 543 c) O Consello Nacional
- 544 d) O Comité Nacional
- 545 e) A Comisión Executiva Nacional
- 546 f) A Comisión de Garantías do S. N.
- 547 2. O cargo de representación do S. N. de CCOO é o secretario ou a secretaria xeral coas funcións e competencias
548 de dirección que se expresan no artigo 29.

549 **ARTIGO 24. O Congreso Nacional**

- 550 O Congreso Nacional é o máximo órgano deliberante e decisorio do S. N. de CCOO.
- 551 a) Composición: o Congreso Nacional, unha vez fixado o número de delegados e delegadas, estará composto polo
552 secretario ou secretaria xeral, a Comisión Executiva Nacional e, a partes iguais, por representantes das
553 federacións, incluída a representación da Federación de Pensionistas e Xubilados, por unha banda, e das unións,
554 pola outra, en proporción ás cotizacións acumuladas nos catro anos naturais anteriores á convocatoria do
555 Congreso. Os delegados e delegadas para o Congreso Nacional serán elixidos segundo a normativa que regule
556 a súa convocatoria e funcionamento.
- 557 b) Funcionamento:
- 558 1. O congreso ordinario convocarao o Consello Nacional cada catro anos.
- 559 2. O congreso extraordinario poderá ser convocado cando así o aprobe o Consello Nacional por maioría absoluta ou
560 as organizacións territoriais e/ou federativas que sumen, polo menos, dous terzos das cotizacións.
- 561 3. Os congresos ordinarios serán convocados con seis meses de antelación, e os relatorios e documentos que sirvan
562 de base para a discusión enviaranse, como mínimo, cun mes de antelación ao inicio das asembleas congressuais
563 do nivel I; o regulamento e o informe xeral, como mínimo, con quince días de antelación ao inicio do congreso; e
564 as emendas, no prazo que se estableza nas normas de convocatoria do congreso.

565 4. Todos os acordos do congreso adoptaranse por maioría simple, agás os que teñan por obxecto a modificación
566 dos Estatutos do Sindicato nos apartados de definición de principios e definición do sindicato, que requirirán unha
567 maioría de dous terzos.

568 5. A normativa de convocatoria, composición e funcionamento do congreso así como a articulación do proceso
569 congresual establecerá o Consello Nacional.

570 c) Funcións do Congreso Nacional:

571 1. Determinar a orientación político-sindical do S. N. de CCOO.

572 2. Aprobar ou modificar o programa e o modelo financeiro do S. N. de CCOO.

573 3. Aprobar a modificación total ou parcial dos Estatutos.

574 4. Aprobar os criterios de composición do Consello Nacional.

575 5. Elixir a Comisión Executiva Nacional, a Secretaría Xeral e a Comisión de Garantías do S. N. mediante sufraxio
576 libre, directo e secreto.

577 6. Decidir por acordo das catro quintas partes do Congreso sobre a disolución do Sindicato Nacional e/ou a súa
578 fusión con outra organización sindical.

579 7. Recoñecer o carácter de corrente sindical.

580 **ARTIGO 25. As conferencias nacionais**

581 Entre congreso e congreso, e cando por proposta da Comisión Executiva Nacional o considere oportuno o Consello
582 Nacional, poderán convocarse conferencias nacionais para debater e establecer a posición do sindicato con relación
583 a cuestións específicas ou xerais de especial interese para a política sindical do S. N. de CCOO, na liña do aprobado
584 nos congresos nacionais. Os acordos adoptados terán carácter de decisións para o conxunto do S. N. de CCOO e
585 non poderán contradicir os acordos aprobados polo Congreso Nacional.

586 En cada convocatoria realizada polo Consello Nacional estableceranse os criterios de asistencia e funcionamento da
587 conferencia, coa participación do Consello Nacional e, polo menos, tantos delegados e delegadas como integrantes
588 do mesmo Consello Nacional. Estes delegados e delegadas serán elixidos de maneira proporcional polos Consellos
589 das organizacións do artigo 17, conforme as normas que xunto á convocatoria da Conferencia aprobe o Consello
590 Nacional.

591 **ARTIGO 26. O Consello Nacional**

592 O Consello Nacional é o máximo órgano de dirección entre congreso e congreso.

593 a) Composición. O Consello Nacional estará composto por:

594 1. O Comité Nacional, incluído o secretario ou secretaria xeral.

595 2. O resto estará composto en igual número por representantes das federacións nacionais por unha parte e das
596 unións comarcais e intercomarcais doutra parte, e en proporción ás cotizacións previstas no artigo 24.a, que se
597 elixirán no seu respectivo consello necesariamente e conforme as previsións establecidas no artigo 10 destes
598 Estatutos, tendo en conta que, para os efectos do cálculo das persoas que corresponda elixir a cada organización
599 e cumprir a representación paritaria e a presenza equilibrada entre mulleres e homes, os secretarios e as
600 secretarías xerais das federacións nacionais e unións comarcais e intercomarcais forman parte da súa cota de
601 delegados e delegadas.

602 O Consello Nacional, por proposta da Comisión Executiva Nacional, incorporará nas súas reunións, con voz pero
603 sen voto, integrantes do S. N. de CCOO cando se considere oportuna a súa presenza ou asesoramento, pola súa
604 responsabilidade en determinados servizos ou comisións de carácter permanente ou temporal.

605 b) Funcionamento

606 1. O Consello Nacional será convocado con carácter ordinario polo Comité Nacional, como mínimo, tres veces ao
607 ano.

608 O Consello será convocado polo Comité Nacional cun mes de antelación, e acompañarase á convocatoria a orde
609 do día e os materiais para debater, para que as persoas membros do Consello poidan trasladar o debate ás
610 organizacións da estrutura sindical que representan. As reunións do Consello Nacional estarán preparadas polo
611 Comité Nacional.

612 Un terzo das persoas membros do Consello Nacional poderano convocar con carácter extraordinario cunha
613 antelación mínima de quince días.

Proposta Estatutos para 13º Congreso do S. N. de CCOO de Galicia

- 614 2. As resolucións e decisións do Consello adoptaranse por maioría simple, agás nos casos previstos nestes
615 Estatutos.
- 616 c) Funcións e competencias
- 617 1. Discutir e decidir sobre a política xeral do sindicato entre dous congresos sucesivos e controlar a súa aplicación
618 polo Comité Nacional e pola Comisión Executiva.
- 619 2. Convocar con carácter ordinario ou extraordinario o Congreso Nacional. Aprobar as normas que regulan o proceso
620 congresual previo e o regulamento de funcionamento do Congreso, así como os relatorios.
- 621 Os principios e as regras establecidos nas ditas normas e regulamentos deben ser respectados e observados
622 polas respectivas normas e regulamentos de que se doten as organizacións integradas no S. N. de CCOO.
- 623 3. Aprobar anualmente, por proposta do Comité Nacional, o orzamento integrado, así como a aplicación de
624 resultados do exercicio da conta de perdas e ganancias.
- 625 4. Aprobar anualmente os plans de traballo do S. N. e os balances de actividade.
- 626 5. Aprobar, se procede, a creación de fundacións e de sociedades para a prestación de servizos.
- 627 6. Coñecerá anualmente os informes sobre as súas actividades, elaborados pola Comisión de Garantías.
- 628 7. Poderá acordar por maioría absoluta, por proposta da Comisión Executiva Nacional, que sexan cubertas as
629 vacantes que se produzan no seo desta entre congreso e congreso. As substitucións acordadas non poderán
630 superar un terzo do número de membros fixado no congreso. As vacantes que foren cubertas por acordo
631 maioritario do Consello terán para estes efectos a mesma natureza ca as elixidas directamente no Congreso.
- 632 Tamén por proposta da Comisión Executiva Nacional, poderá acordar por maioría absoluta a ampliación do
633 número inicial de membros da CEN fixado no Congreso. Esta ampliación non poderá superar o 10 % do número
634 de membros fixado no congreso.
- 635 En ambos os supostos, a elección efectuarase no seo do Consello Nacional, rexerese polo disposto no artigo 10
636 destes Estatutos e manterase a proporcionalidade de xénero saída do congreso.
- 637 Estas persoas incorporadas á Comisión Executiva Nacional absteranse de votar en calquera asunto que esixa
638 estatutariamente maiorías cualificadas.
- 639 8. Escollerá o secretario ou secretaria xeral en casos de dimisión, morte ou revogación do elixido no Congreso
640 Nacional, mediante votación cualificada de, como mínimo, a maioría absoluta de membros, ata o Congreso
641 ordinario ou ata un congreso extraordinario convocado con esta finalidade.
- 642 9. Aprobar por maioría absoluta os seguintes regulamentos:
- 643 — O regulamento de funcionamento do Consello Nacional e as regras básicas de funcionamento dos órganos de
644 dirección.
- 645 — O regulamento de funcionamento da Comisión de Garantías.
- 646 — Os regulamentos necesarios para ordenar a xestión económica do S. N. de CCOO e das súas organizacións.
- 647 — O regulamento dos fondos financeiros.
- 648 — O protocolo de prevención do acoso sexual ou por razón de sexo.
- 649 — Os que o propio Consello Nacional, no desenvolvemento da política sindical, considere convenientes.
- 650 10. Convocar as conferencias nacionais.
- 651 11. Os acordos e resolucións do Consello Nacional son de obrigado cumprimento para todas as organizacións que
652 compoñen a estrutura do S. N. de CCOO.
- 653 12. Modificar as denominacións das organizacións do S. N. recollidas no artigo 17, 1 a e b, cando por calquera
654 circunstancia estatutaria cambien o nome recollido no dito artigo, así como modificar e incluír as disposicións
655 necesarias que, por imperativos legais, cumpra adaptar nos regulamentos vixentes.
- 656 13. Cantas outras competencias se lle asignen nestes Estatutos.
- 657 14. Modificar e adecuar os presentes Estatutos, no suposto de que conteñan preceptos contrarios ou contraditorios
658 cos Estatutos Confederais, nun prazo máximo de seis meses desde a celebración do Congreso Confederado.
- 659 Os Estatutos e Regulamentos serán publicados para o seu xeral coñecemento.

660 **ARTIGO 27. O Comité Nacional**

661 O Comité Nacional constitúese como órgano de coordinación do S. N. de CCOO de Galicia. Está integrado polo
662 secretario ou secretaria xeral, polas persoas que compoñen a Comisión Executiva e os secretarios e secretarías xerais
663 das federacións nacionais e das unións comarcais e intercomarcais.

664 O Comité Nacional funcionará colexiadamente convocado polo secretario ou secretaria xeral, e con carácter
665 extraordinario cada vez que a Executiva o crea necesario ou o solicite un terzo de integrantes do Comité Nacional;
666 neste caso terase que facer nun prazo non superior a quince días. Para garantir o seu funcionamento regular, dotarase
667 dun regulamento interno.

668 Son funcións deste órgano a elaboración de propostas de política sindical e organizativa de carácter estratéxico e a
669 avaliación da súa aplicación e resultados, en especial as referidas ás estratexias de diálogo social, negociación
670 colectiva e xestión de recursos, así como cantas outras lle sexan expresamente encargadas polo Consello Nacional.

671 **ARTIGO 28. A Comisión Executiva Nacional**

672 A Comisión Executiva Nacional, da que fai parte de forma irrevocable a secretaria ou secretario xeral, é o órgano de
673 dirección do sindicato que leva á práctica as decisións e directrices adoptadas polo Congreso, o Consello Nacional e
674 o Comité Nacional.

675 Composición:

676 1. O Congreso Nacional fixará o seu número e elixirá os seus compoñentes, de conformidade co regulamento do
677 propio Congreso Nacional.

678 2. Asegurarase un tempo mínimo de catro anos de afiliación para poder ser integrante da Comisión Executiva
679 Nacional.

680 3. A partir do 11.º Congreso Confederal, as persoas afiliadas non poderán ser elixidas para a Comisión Executiva
681 Nacional por máis de tres mandatos. Esta limitación non suporá, en ningún caso, unha restrición para que as
682 persoas afectadas poidan presentar a súa candidatura á Secretaría Xeral do Sindicato Nacional.

683 Funcionamento:

684 1. A Comisión Executiva Nacional funcionará colexiadamente, convocada polo secretario ou secretaria xeral ou por
685 unha terceira parte dos seus compoñentes.

686 2. A Comisión Executiva Nacional creará todas as secretarías, comisións e departamentos que considere
687 convenientes para o mellor desenvolvemento das funcións que ten encomendadas. Constituirá no seu seo a
688 Comisión de Interpretación de Normas, que resolverá as reclamacións ou recursos que se lle presenten sobre
689 actos congresuais ou electivos de natureza interna.

690 3. Poderá elixir no seu seo un Secretariado ou Comisión Permanente, como órgano de xestión para o
691 desenvolvemento e aplicación dos acordos da propia Comisión Executiva Nacional e do Comité Nacional.

692 4. As persoas que compoñen a Comisión Executiva Nacional poderán participar, delegadas por esta, nas reunións
693 de calquera dos órganos das organizacións integradas no S. N. de CCOO.

694 5. Co fin de garantir o seu funcionamento regular, a Comisión Executiva terá un regulamento interno.

695 6. Responderá ante o Congreso ao remate da súa actuación, ante o Consello Nacional e ante o Comité Nacional.

696 Funcións:

697 a) Levar á práctica as decisións adoptadas polo Congreso, o Consello Nacional e o Comité Nacional.

698 b) Asegurar a dirección permanente da actividade do sindicato, levando á práctica as decisións do Consello Nacional
699 e do Comité Nacional, asegurando a dirección diaria do Sindicato e deliberando e tomando decisións sobre
700 cuestións urxentes entre reunións do Consello Nacional.

701 c) Asegurar a organización e funcionamento de todos os servizos centrais do sindicato.

702 d) Nomear e destituír o persoal técnico e administrativo dos servizos do sindicato.

703 e) Coordinar as actividades do Consello Nacional e do Comité Nacional, das secretarías e dos servizos técnicos do
704 S. N. de CCOO.

705 f) Manter contactos periódicos con todas as federacións nacionais e unións comarcais e intercomarcais.

706 g) Levar a responsabilidade das publicacións oficiais centrais do sindicato.

- 707 h) Nomear representantes para os órganos de representación institucional no seu ámbito de competencia.
- 708 i) Nomear ata un máximo dun terzo dos e das integrantes dun órgano de dirección de rama ou territorial entre
709 afiliados e afiliadas doutra rama distinta ao ámbito territorial diferente ao do órgano en cuestión, nos casos
710 constatados de debilidade organizativa, co fin de reforzar a capacidade de dirección dese órgano. Os
711 nomeamentos que se realicen para os efectos indicados deberán ser ratificados polo Consello da organización
712 afectada.
- 713 j) Nomear e destituír integrantes dos órganos de dirección das sociedades e servizos dependentes do S. N. de
714 CCOO.
- 715 k) Potenciar a creación de secretarías da muller nas organizacións territoriais e federais, e impulsar as que xa
716 existan. As secretarías da muller integraranse nos órganos de dirección respectivos con plenos dereitos.
- 717 l) Fomentar a creación de secretarías de xuventude.
- 718 m) Cantas outras competencias se lle asignen nestes Estatutos no seu desenvolvemento regulamentario, así como
719 as derivadas do exercicio dos dereitos establecidos no artigo 9, ou derivados das normas congresuais.
- 720 n) Corresponderalle á Comisión Executiva da organización sindical correspondente, ou indistintamente á Secretaría
721 Xeral, a facultade de adoptar as decisións consistentes no exercicio de accións xudiciais ou administrativas de
722 todo tipo para a impugnación de disposicións legais e actos administrativos, de xeito que, adoptada a decisión,
723 trasladarase esta aos e ás representantes procesuais, procuradores e procuradoras e avogados e avogadas, para
724 que exerciten esta acción de impugnación.

725 ARTIGO 29. O secretario ou secretaria xeral do Sindicato Nacional

- 726 a) É quen representa legal e publicamente o S. N. de CCOO de Galicia. Actúa baixo o acordo colexiado do Consello
727 Nacional, do Comité Nacional e da Executiva Nacional da que forma parte de maneira irrevocable, seguindo o
728 principio de dirección e representación colectivas, e ten como misión dar cohesión e impulsar as funcións dos
729 ditos órganos.
- 730 b) Terá as facultades que a lei lle outorga como representante legal e público de CCOO e as que expresamente se
731 recollen no anexo destes Estatutos. No regulamento de funcionamento da Comisión Executiva Nacional poderase
732 regular a forma de exercer estas facultades.
- 733 c) Poderá delegar e revogar as funcións e facultades que lle recoñecen estes Estatutos en compoñentes e órganos
734 competentes do sindicato.
- 735 d) No caso de estar ausente, a Comisión Executiva, colexiadamente, asumirá as funcións previstas para o secretario
736 ou secretaria xeral durante o período que dure a ausencia.
- 737 e) Se entre congreso e congreso a Secretaría Xeral do Sindicato Nacional de CCOO quedar vacante por calquera
738 causa, o novo secretario ou secretaria poderá ser elixido por maioría absoluta do Consello Nacional, de acordo
739 co establecido no artigo 10 destes Estatutos. O seu mandato alcanzará ata o congreso ordinario ou extraordinario
740 convocado por este motivo, se así o decidir o órgano de dirección mencionado.
- 741 f) Presidirá as reunións do Consello Nacional, do Comité Nacional, da Comisión Executiva Nacional.
- 742 g) O secretario ou a secretaria xeral non poderá ser reelixido por máis de tres mandatos.
- 743 h) Presentará un informe ao Congreso Nacional no nome do Consello Nacional, e informes periódicos ao Consello
744 Nacional en nome do Comité Nacional, agás que se adopte outro acordo para sesións concretas.

745 ARTIGO 30. Incompatibilidades dos membros dos órganos de dirección nacionais

746 A condición de integrante da Executiva Nacional, ou ocupar a Secretaría Xeral dunha federación nacional ou unión
747 comarcal ou intercomarcal será incompatible, debido ás tarefas que estes cargos implican, co desempeño das
748 seguintes funcións:

- 749 — alcalde, alcaldesa, concelleiro ou concelleira;
- 750 — integrante das Cortes Xerais (Congreso dos Deputados e Senado);
- 751 — integrante dos parlamentos das comunidades autónomas e do Parlamento Europeo;
- 752 — integrante do Goberno do Estado ou dos gobernos das comunidades autónomas;
- 753 — integrante de equipos de goberno dos concellos;
- 754 — integrante das xuntas xerais e/ou institucións provinciais;

- 755 — calquera cargo de designación directa por parte do Goberno do Estado, do Goberno das comunidades autónomas
756 ou dalgunha das Administracións ou empresas públicas;
- 757 — secretaría xeral dun partido político;
- 758 — responsable directo dunha secretaría ou área de traballo permanente nun partido político.
- 759 — Será incompatible presentarse como candidata ou candidato a algún dos cargos públicos antes sinalados con
760 desempeñar un cargo na Comisión Executiva do S. N. ou a secretaría xeral dunha unión comarcal ou
761 intercomarcal ou dunha federación nacional.
- 762 — Dirixir e/ou formar parte do consello de administración ou órganos de dirección ou xestión de empresas,
763 fundacións, etc. cuxos fins sexan colaborar ou levar a cabo actividades empresariais relacionadas coas
764 actividades e servizos do sindicato ou dependentes deste, salvo en caso de ser o representante nomeado polo
765 Sindicato Nacional de CCOO.
- 766 — Incurrir en calquera das incompatibilidades descritas anteriormente implicará o cesamento automático no cargo
767 e funcións que estea desempeñando a persoa implicada, co único requisito da comunicación previa por parte do
768 órgano onde estiver encadrado.
- 769 É incompatible ser membro dunha comisión executiva coa pertenza a calquera outro órgano executivo da estrutura
770 organizativa de CCOO, coa excepción das persoas integrantes das comisións executivas de nivel II. Estas persoas
771 poderán formar parte das executivas de nivel III de rama ou territorio, sen que poidan compatibilizar dúas secretarías
772 en ambas as organizacións.
- 773 As persoas en que concorran calquera das situacións mencionadas anteriormente, non poderán presentarse a ningún
774 órgano de dirección ata o seguinte proceso congresual.
- 775 **V. ÓRGANOS DE GARANTÍAS**
- 776 **ARTIGO 31. A Comisión de Garantías do S. N. de CCOO**
- 777 1. A Comisión de Garantías é o órgano supremo de control das medidas disciplinarias internas, tanto de carácter
778 individual sobre os afiliados e afiliadas, como de carácter colectivo sobre as organizacións.
- 779 2. Intervén, así mesmo, en cantas reclamacións lle presenten as persoas afiliadas ou as organizacións integradas
780 no S. N. de CCOO sobre a violación dos procedementos establecidos.
- 781 3. Os acordos do Congreso Nacional e do Consello Nacional non poderán ser obxecto de impugnación ante a
782 Comisión de Garantías.
- 783 4. As resolucións da Comisión de Garantías teñen carácter definitivo e executivo e deberán ditarse no prazo máximo
784 de quince días.
- 785 5. A Comisión de Garantías será elixida sempre en número impar polo Congreso Nacional, e estará composta, polo
786 menos, por tres titulares e dous suplentes, que non poderán, pola súa vez, formar parte dos órganos do S. N. de
787 CCOO nin das organizacións nel integradas.
- 788 6. Requirirase un tempo mínimo de catro anos de afiliación para poder formar parte da Comisión de Garantías.
- 789 7. As persoas elixidas en congreso manterán os seus cargos ata o día seguinte ao congreso.
- 790 8. No suposto de se producir unha vacante na Comisión de Garantías do S. N., cubrirase automaticamente coas
791 persoas suplentes.
- 792 9. No caso de que a Comisión de Garantías do S. N. chegase a ter menos de tres titulares, as vacantes deberán ser
793 cubertas ata un novo congreso mediante elección polo Consello Nacional, de acordo co establecido no artigo 10
794 destes Estatutos.
- 795 10. A Comisión presentará un balance da súa actuación durante ese período. O balance publicárase nos órganos de
796 expresión do S. N.
- 797 11. A Comisión elaborará un informe anual sobre as súas actividades que presentará ao Consello Nacional e que se
798 publicará nos órganos de expresión do S. N.
- 799 12. A Comisión de Garantías do S. N. dotarase dun regulamento para o seu funcionamento e relacións con outras
800 comisións de garantías constituídas, regulamento que aprobará o Consello Nacional.
- 801 13. A Comisión de Garantías é un órgano sindical facultado para elaborar propostas e suxestións de carácter
802 estatutario, funcional e teórico aos órganos de dirección do S. N.

803 14. A Comisión de Garantías non é un órgano sindical consultivo.

804 **VI. ACCIÓN SINDICAL**

805 **ARTIGO 32. Principios xerais da acción sindical do S. N. de CCOO**

806 A acción sindical do S. N. de CCOO acórdana os órganos de dirección nacionais. A iniciativa da acción sindical
807 correspóndelle a cada organización no seu ámbito, que a desenvolverá de acordo coas orientacións fixadas polo
808 Sindicato Nacional.

809 Deberán ser consultadas e debatidas previamente polo Consello Nacional e, a falta deste, polo Comité Nacional do
810 S. N. de CCOO:

811 a) Aquelas propostas de acción sindical que, pola súa transcendencia e repercusión, poidan afectar o
812 desenvolvemento do S. N. de CCOO, a súa implantación entre os traballadores e as traballadoras, ou poidan
813 supoñer unha variación da súa política sindical.

814 b) Aquelas que afecten gravemente aos servizos públicos esenciais de repercusión galega.

815 Sobre as propostas mencionadas nos apartados a e b anteriores, realizarase sempre un informe de impacto de xénero.

816 O S. N. de CCOO de Galicia, como membro integrante da C. S. de CCOO, pertence de seu á CES e participa, polo
817 tanto, no Comité Sindical Interfronteirizo con aquel outros sindicatos que, tanto en Galicia coma en Portugal, pertencen
818 á mesma organización internacional. As federacións do S. N. de CCOO de Galicia integraranse, ao mesmo tempo, en
819 todas as comisións e organismos sectoriais derivados do Comité Sindical Interfronteirizo que se puideren crear.

820 **VII. ÓRGANO DE PRENSA, FUNDACIÓNS E SERVIZOS TÉCNICOS**

821 **ARTIGO 33. Órgano de prensa do S. N. de CCOO**

822 O medio de expresión e difusión do S. N. de CCOO é o *Galicia Sindical*, baixo a responsabilidade do Consello
823 Nacional. Todos os órganos das organizacións integradas no S. N. de CCOO recibirán esta publicación. Así mesmo,
824 o *Galicia Sindical* será lugar de debate e reflexión. Promoverase desde as súas páxinas a expresión das problemáticas
825 sindicais e laborais e das opinións distintas que coexistan no seo do Sindicato Nacional.

826 **ARTIGO 34. As fundacións do Sindicato Nacional**

827 O S. N. de CCOO creou e poderá crear fundacións coas finalidades e obxectivos declarados na súa acta constitutiva.
828 Estableceranse estreitos vínculos entre as fundacións e o Sindicato Nacional para poder cumprir mellor as finalidades
829 previstas.

830 **ARTIGO 35. Servizos técnicos de asesoramento, asistencia e outros**

831 O S. N. de CCOO, na forma que considere oportuna, disporá dos servizos técnicos de asesoramento e asistencia, e
832 doutros que considere necesarios de índole editorial, distribución cultural, ocio, etcétera, tanto para os traballadores
833 e traballadoras afiliados como para os que non o sexan. Para isto establecerá os criterios diferenciados que se
834 consideren oportunos para un caso ou outro.

835 **VIII. FINANZAS E ADMINISTRACIÓN**

836 **ARTIGO 36. Principios da actuación económica**

837 A actividade económica do S. N. de CCOO, das súas organizacións e daquelas en que estas se estruturan e articulan,
838 desenvolverase de acordo cos seguintes principios:

839 • Autonomía de xestión. O S. N. de CCOO e as federacións nacionais e unións comarcais e intercomarcais ás que
840 se refire o artigo 17.1 disporán de autonomía na xestión dos recursos económicos e de patrimonio no seu ámbito
841 de actuación. Esta autonomía estará limitada polos seus recursos propios e polos procedementos e criterios
842 establecidos nestes Estatutos, así como polos acordos que establezan os órganos competentes.

843 Esta autonomía implica:

844 • A capacidade por parte das federacións de rama para elaborar e aprobar os seus respectivos orzamentos.

845 • As unións comarcais e intercomarcais participarán na elaboración dos orzamentos do Sindicato Nacional de
846 CCOO de Galicia, así como aquelas organizacións que utilicen o CIF do S. N. Estes orzamentos serán aprobados
847 polos órganos de dirección competentes.

848 • A xestión e disposición dos bens e dereitos de que sexan titulares e o cumprimento das obrigas contidas nos
849 presentes Estatutos e nas súas normas de desenvolvemento.

- 850 • Xestión orzamentaria. O orzamento das distintas organizacións do S. N. de CCOO constitúe o instrumento básico
851 para o desenvolvemento da súa xestión económica.
- 852 • Xestión non lucrativa. Os eventuais resultados económicos positivos da actividade desenvolvida polas
853 organizacións referidas no artigo 17.1 reinvestiranse de forma obrigatoria na mellora das actividades, servizos
854 sindicais e situación patrimonial de cada unha das organizacións do S. N., sen que en ningún caso poidan
855 destinarse á repartición de beneficios en ningunha das súas formas.
- 856 As compensacións percibidas, se for o caso, por integrantes dos órganos de dirección de cargos de
857 representación, serano en concepto de vínculo asociativo sindical de carácter voluntario non laboral e adscrito
858 temporalmente a mandato congresual e ao réxime de incompatibilidades establecido nestes Estatutos.
- 859 • Información e transparencia. O S. N. de CCOO de Galicia e as súas organizacións integradas están obrigadas
860 ao cumprimento das obrigas contidas neste capítulo.
- 861 • Facer pública, mediante a páxina web ou calquera outro sistema, a información económica e financeira, o
862 estado das súas contas e a orixe dos recursos do conxunto de organizacións do S. N.
- 863 • O S. N. de CCOO de Galicia está obrigado a informar o Consello Nacional sobre os seus orzamentos e
864 contas anuais.
- 865 • As organizacións listadas no artigo 17.1, e aquelas que as integran, tamén están obrigadas a informar sobre
866 os seus orzamentos e contas anuais ao Consello Nacional. De non o faceren, o Sindicato Nacional non se
867 verá obrigado a informar sobre os orzamentos e contas anuais das federacións coas que comparte
868 personalidade xurídica.
- 869 • Todas as organizacións listadas no artigo 17.1 e aquelas que as integran deberán levar:
- 870 ○ un rexistro de contabilidade onde figuren os seus estados de ingresos-gastos e o seu balance xeral;
- 871 ○ un rexistro de afiliados e afiliadas;
- 872 ○ un rexistro de delegados e delegadas e persoal sindical;
- 873 ○ un rexistro de apoderamentos.
- 874 • Toda empresa, entidade ou organismo que realice traballos para calquera estrutura do S. N. de CCOO
875 deberá cumprir a normativa laboral e fiscal, así como os convenios colectivos correspondentes,
876 especialmente o referente aos dereitos sindicais.
- 877 **ARTIGO 37. Patrimonio e financiamento do S. N. de CCOO e das súas organizacións**
- 878 Os recursos e bens propios do S. N. de CCOO e de cada unha das súas organizacións están integrados por:
- 879 1. A parte proporcional das cotas das persoas afiliadas que lles resulte de aplicación. O seu importe, periodicidade
880 e formas de aboamento determinaraas o Consello Confederal.
- 881 2. Os ingresos ou compensacións de gastos por representación sindical en institucións públicas ou organizacións
882 privadas, aínda cando aquela se exerza mediante representación nominal delegada.
- 883 3. Os ingresos procedentes de prestación de servizos das distintas organizacións que integran o S. N. de CCOO de
884 Galicia
- 885 4. As doazóns e legados a favor destas e o capital acumulado ao longo da súa xestión.
- 886 5. As subvencións que poidan serlle concedidas, así como os ingresos procedentes de acordos sindicais, incluídos
887 os non pecuniarios derivados das leis e convenios en vigor. Os bens e valores de que sexan titulares e as súas
888 rendas.
- 889 6. Calquera outros recursos obtidos de conformidade coas disposicións legais e preceptos estatutarios.
- 890 7. Todos os bens mobles e inmobles adquiridos, doados ou legados ao S. N. ou a cada unha das organizacións que
891 o integran. Para a xestión dos servizos e actividades establecidos nestes estatutos, poderá solicitar e obter
892 subvencións finalistas das Administracións públicas.
- 893 8. O patrimonio documental.
- 894 9. A admisión de recursos e a súa formalización corresponden exclusivamente ao S. N. e a cada unha das súas
895 organizacións relacionadas no artigo 17.1. Só mediante delegación expresa poderá autorizarse esta capacidade
896 ás organizacións en que estas últimas se estruturan.

897 **ARTIGO 38. Balance e orzamento do S. N. de CCOO de Galicia**

898 Anualmente, a Comisión Executiva do S. N. de CCOO presentará ao Consello Nacional un orzamento que integre as
899 previsións dos ingresos, dos gastos e dos investimentos correspondentes a ese exercicio para o desenvolvemento da
900 súa actividade e a do resto das estruturas que o integran. A Comisión Executiva do Sindicato Nacional de CCOO de
901 Galicia presentará, dentro do ano seguinte ao peche contable, o balance contable do conxunto das organizacións que
902 configuran financeiramente o Sindicato Nacional, amais da consolidación contable das súas contas anuais.

903 O S. N. de CCOO e as organizacións referidas no artigo 17.1 poderán establecer nos correspondentes orzamentos
904 anuais fondos patrimoniais dirixidos a asegurar o desenvolvemento e consolidación organizativa ou a mellora e
905 potenciación dos servizos básicos. O funcionamento dos ditos fondos estará suxeito ao regulamento que acorde o
906 organismo correspondente, e será publicado para xeral coñecemento dos seus afiliados e afiliadas.

907 **ARTIGO 39. Ordenamento da xestión económica**

908 O Consello Nacional, para ordenar a súa xestión económica e a das organizacións que o conforman, aprobará:

- 909 1. Os criterios anuais de xestión e orzamento, segundo a diferente natureza dos ingresos e gastos.
- 910 2. A parte do orzamento do ano en curso da CEN, que afecte directamente ao resto das organizacións que conforman
911 o Sindicato Nacional e que teña que ser aprobada por estas, así como a distribución do excedente do exercicio
912 do que se presentan as contas anuais.
- 913 3. O regulamento marco dos fondos patrimoniais de todas as organizacións e os de xestión dos fondos patrimoniais
914 existentes.
- 915 4. As liñas xerais da política de recursos humanos.
- 916 5. Os proxectos de iniciativa económica dependentes do S. N. e das organizacións que o conforman.
- 917 6. Cantas normas básicas resulten necesarias para ordenar a actividade sen afectar a autonomía de xestión das
918 organizacións.

919 **ARTIGO 40. Obrigas das organizacións integradas no S. N. de CCOO**

920 Aquelas organizacións que non teñan actualizados os seus pagamentos, segundo os prazos establecidos polo
921 Consello Nacional, non poderán exercer o dereito de voto naquel mentres non regularicen a situación.

922 Todas as organizacións elaborarán anualmente os balances e orzamentos de gastos e ingresos, que deberán ser
923 remitidos aos órganos de rama e territorios inmediatamente superiores, independentemente de onde consoliden. A
924 través dos mecanismos establecidos na Comisión Executiva Nacional, poderanse realizar as auditorías que se
925 estimen oportunas no conxunto das organizacións do S. N. de CCOO.

926 O incumprimento inxustificable destas obrigas dará lugar á adopción das medidas disciplinarias contidas nestes
927 estatutos e no seu desenvolvemento regulamentario.

928 O S. N. de CCOO procurará as medidas necesarias para garantir a redistribución dos recursos económicos entre as
929 diversas organizacións que o compoñen, cos criterios de solidariedade e corrección dos desequilibrios financeiros
930 que, derivados das condicións obxectivas, poidan poñer en perigo a presenza de federacións de rama ou unións
931 comarcais ou intercomarcais de CCOO en determinados sectores ou territorios por non teren capacidade económica
932 de autofinanciarse.

933 **ARTIGO 41. Persoal con vínculo laboral do S. N. de CCOO de Galicia**

934 Aquelas persoas suxeitas a relación laboral por conta allea e para a realización exclusiva de tarefas non sindicais,
935 que prestan os seus servizos no S. N. de CCOO de Galicia, definiranse e clasificaranse de acordo co convenio
936 colectivo que lles sexa de aplicación.

937 A selección de persoas efectuarase con criterios de igualdade, obxectividade, publicidade e transparencia.

938 As organizacións promoverán unha política activa de integración no seu persoal laboral de persoas con discapacidade.

939 **ARTIGO 42. Persoal con vínculo asociativo sindical de carácter non laboral do S. N. de CCOO de Galicia**

940 As persoas afiliadas que se dediquen a tarefas sindicais, por seren cargos electos ou por seren nomeadas adxuntas
941 e de confianza aos cargos electos ou ás executivas (persoal sindicalista), non suxeitas a un control horario fixo e, polo
942 tanto, con flexibilidade no tempo de dedicación e na dispoñibilidade, e que desempeñen as tarefas propias da
943 actividade sindical, non terán relación laboral coa organización sindical. Dado que a actividade que desempeñan é
944 militante e voluntaria, en ningún caso será retribuída nin compensada economicamente, e só se lles aboarán os gastos

945 de desprazamento ou manutención imprescindibles para a realización das funcións e tarefas propias dos cargos que
946 ocupen ou das tarefas que se lles adxudiquen.

947 Se teñen retribución pola súa dedicación a tempo completo ou parcial, serán dadas de alta nos códigos de conta de
948 cotización abertos para sindicalistas no réxime xeral da seguridade social, de conformidade co establecido na Lei
949 37/2006, procedéndose a un nomeamento sindical para o período que se determine nos Estatutos. As súas
950 retribucións serán conforme ao que se determine no órgano correspondente (Congreso, Consello ou Comisión
951 Executiva). Será de aplicación o Acordo de Sindicalistas aprobado pola CEN.

952 Se, en aplicación do recollido no artigo 14 dos Estatutos, causaran baixa como afiliados ou afiliadas de CCOO,
953 perderán a condición de persoal con vínculo asociativo de carácter non laboral.

954 No caso de se establecer unha nova relación asociativa con algunha persoa a quen se lle aplicase con anterioridade
955 unha baixa afiliativa polos supostos recollidos no parágrafo anterior, comunicaráselle á organización que aplicou a
956 medida sancionada para que traslade a súa opinión sobre a procedencia ou non do establecemento da relación
957 asociativa.

958 **IX. DISOLUCIÓN DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO**

959 **ARTIGO 43. Disolución do S. N. de CCOO**

960 Por acordo de catro quintas partes dos votos dun congreso extraordinario convocado exclusivamente para estes
961 efectos, poderase proceder á disolución do S. N. de CCOO de Galicia. A forma de disolución do patrimonio do S. N.
962 establecerase no acordo que motive a disolución.

963 O patrimonio, bens mobles ou inmobles e recursos en xeral quedarán integrados no patrimonio da C. S. de CCOO.

964 **ANEXO AOS ESTATUTOS**

965 En relación co artigo 29, apartado *b* dos Estatutos, o secretario ou secretaria xeral terá as seguintes facultades:

966 Tomar parte en concursos e poxas, facer propostas e aceptar adxudicacións; aceptar, con ou sen beneficio do
967 inventario; repudiar e manifestar herdanzas e liquidacións de sociedades; entregar e recibir legados; aceptar, liquidar
968 e extinguir fideicomisos; pagar, cobrar, fixar, garantir e depositar lexítimas e cancelar ou renunciar ás súas garantías
969 legais; facer ou captar doazóns. Dividir bens comúns; exercer o comercio; outorgar contratos de todo tipo, incluídos
970 de traballo, de transporte e de arrendamentos; retirar e remitir xéneros, envíos e xiros; retirar e levar correspondencia
971 de calquera clase.

972 Constituír, disolver, extinguir, modificar e xestionar fundacións e sociedades de todo tipo, incluídas laborais, civís e
973 mercantís, contén ou non con participación pública; nomear, aceptar e desempeñar cargos nelas e intervir nos seus
974 consellos de administración e xuntas xerais.

975 Operar con bancos, caixas de aforro e demais organismos e entidades bancarias de todo tipo, sexan públicas ou
976 privadas, nacionais, europeas ou internacionais, incluso co Banco de España, o Banco Central Europeo e o Fondo
977 Monetario Internacional, e as súas sucursais, e facer todo canto a lexislación e as prácticas bancarias lle permitan.
978 Abrir, seguir e cancelar contas e contas de aforro, contas correntes e de crédito, e constituír e solicitar avais bancarios,
979 fondos de investimento e de caixas de seguridade. Librar, aceptar, avalar, endosar, cobrar, intervir e negociar letras
980 de cambio e outros efectos. Comprar, vender, trocar ou peñorar valores e cobrar os seus xuros, dividendos e
981 amortizacións, concretar pólizas de crédito, xa sexan persoais ou con peñoramento de valores, con entidades
982 bancarias e sucursais, asinando os oportunos documentos incluíndo a sinatura electrónica. Modificar, transferir,
983 cancelar, retirar e constituír depósitos de efectivos ou valores, provisionais ou definitivos.

984 Afianzar operacións mercantís, singularmente os créditos que calquera entidade financeira, banco ou caixa de aforro
985 concedan ao S. N. de CCOO, ou ás sociedades, empresas e fundacións con capital en que participe o S. N. de CCOO
986 e as organizacións relacionadas nestes Estatutos, así como solicitar e obter calquera información relacionada coas
987 contas, movementos bancarios e relacións coas entidades financeiras, das sociedades, empresas, fundacións con
988 participación do S. N. de CCOO e do propio Sindicato Nacional mais das súas organizacións.

989 Crear, xestionar, extinguir, liquidar e efectuar todo tipo de operacións que permita a lexislación en relación con plans
990 e fondos de pensións, estean ou non constituídos con participación de CCOO ou as súas organizacións, empresas e
991 fundacións.

992 Instar e outorgar actas notariais de todas as clases; promover e seguir expediente de dominio e liberación de cargas;
993 solicitar asentos en rexistros públicos, incluídos mercantís, de publicidade e da propiedade; facer, aceptar e contestar
994 notificacións e requirimentos notariais e outorgar poderes. Comparecer diante do Consello Económico e Social,
995 Valedor do Pobo, Defensor do Menor e centros e organismos do Estado, comunidades autónomas, provinciais,
996 municipais ou locais, supranacionais e internacionais, xuíces, tribunais, fiscalías, sindicatos, organizacións

- 997 empresariais, delegacións, comités, xuntas, xurados e comisións, e neles instar, seguir e terminar como demandante,
998 demandado, executante, terceiro, executado ou calquera outro concepto, toda clase de expedientes, xuízos ou
999 procedementos civís, penais, administrativos, contencioso administrativos, laborais e eclesiásticos, de todos os graos,
1000 xurisdicións e instancias, trasladando pedimentos e exercendo accións legais e excepcións en calquera
1001 procedemento, trámite e recurso; prestar canto se requira para a ratificación e absolver posicións.
- 1002 Administrar nos máis amplos termos bens mobles e inmobles, facer declaracións de edificación e
1003 planificación/deslindamentos, marcaxes, agrupacións e segregacións. Recoñecer débedas e aceptar créditos, facer e
1004 recibir préstamos, pagar e cobrar cantidades, facer efectivos libramentos; dar ou aceptar bens en ou para pagamento;
1005 outorgar transaccións, compromisos, renunciacións; avalar e afianzar. Comprar, vender, retraer, permutar pura ou
1006 condicionalmente, con prezo confesado, aprazado ou pagado ao contado, toda clase de bens inmobles ou mobles,
1007 dereitos reais e persoais.
- 1008 Constituír, aceptar, dividir, allear, gravar, redimir e extinguir usufrutos, servidumes, censos, arrendamentos inscribibles
1009 e ademais dereitos reais, exercitando todas as facultades derivadas destes, entre elas cobrar pensións e laudemios,
1010 asinar por dominio, autorizar trasposos e cobrar a participación legal destes. Constituír, aceptar, modificar, adquirir,
1011 allear, pospoñer e cancelar, total ou parcialmente, antes ou despois do seu vencemento, cumprirse ou non a obriga
1012 asegurada, hipotecas, peñores, anticreses, prohibicións, condicións e toda clase de limitacións ou garantías. Contratar
1013 activa ou pasivamente rendas, pensións ou prestacións periódicas, temporais ou vitalicias e o seu aseguramento real.
- 1014 Solicitar, instar, reclamar e percibir axudas, subvencións e calquera outras cantidades que por calquera concepto ou
1015 título correspondan, ben sexa directamente ou a través de entidades bancarias e de crédito; asinando para tales fins
1016 os recibos, cheques, tickets e demais documentos que se lle poidan esixir para ese efecto.
- 1017 Comparecer diante dos organismos da Administración de Traballo, de calquera ámbito territorial que for, servizos de
1018 mediación, arbitraje e conciliación e de solución de conflitos, Dirección Xeral de Traballo, delegacións e
1019 subdelegacións do Goberno, xulgados, tribunais superiores de xustiza, Audiencia Nacional, Tribunal Supremo,
1020 Tribunal Constitucional, Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, Tribunal Europeo de Dereitos Humanos; e
1021 neles instar, seguir e terminar como demandante, como demandado, executante, terceiro, executado ou en calquera
1022 outro concepto, todo tipo de expedientes, xuízos, trámites e procedementos, recursos e execucións; facer canto for
1023 mester para ratificarse e absolver posicións. Instar, seguir, tramitar e terminar, en calquera ámbito que for, convenios
1024 colectivos, conflitos colectivos, folgas e calquera outra medida de conflito colectivo, denuncias, elevar peticións,
1025 exercer accións e excepcións e recursos.
- 1026 Comparecer, participar e efectuar calquera trámite pertinente en calquera procedemento ou expediente relacionado
1027 coa materia social, económica ou sociopolítica, co exercicio dos dereitos de manifestación e reunión, folga e conflito
1028 colectivo, regulacións de emprego, despedimentos e extincións individuais, plurais e colectivas, reconversións
1029 sectoriais ou territoriais, eleccións sindicais, incluídas de delegados e delegadas de persoal, comités de empresa e
1030 xuntas de persoal, diante das empresas, as súas organizacións, a Administración pública e os institutos ou organismos
1031 dependentes dos ministerios, así como nos da Unión Europea, Organización Internacional do Traballo, comunidades
1032 autónomas ou de calquera outro ámbito territorial inferior.
- 1033 Facer públicos e certificar ante calquera organismo, Administración pública ou entidade privada os acordos aprobados
1034 polos órganos de dirección do Sindicato.
- 1035 Comparecer, solicitar, descargar, instalar, renovar, suspender, revogar e utilizar calquera certificados de sinatura
1036 electrónica emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda ou por outros presentadores de
1037 servizos de certificación, tanto os certificados expresados nas leis coma calquera outros dos emitidos pola citada
1038 Fábrica Nacional e outros prestadores de servizos de certificación electrónica, incluídos, pero non limitados, a
1039 certificados de persoa física, de representantes de persoa xurídica, de representante de entidade sen personalidade
1040 xurídica, de dispositivo móbil, de servidor, de compoñente, de sinatura de código, de persoal ao servizo das
1041 Administracións públicas, de selo electrónico para a actuación administrativa automatizada e calquera outros
1042 certificados electrónicos que puideren xurdir con posterioridade, de conformidade co estado da técnica.
- 1043 A solicitude do certificado de sinatura electrónica poderá realizarse ante as oficinas de rexistro da Axencia Estatal de
1044 Administración Tributaria ou ante outras oficinas de rexistro delegadas de órganos, organismo ou entidades que
1045 exerzan funcións públicas, así como ante as oficinas ou rexistros que designen os prestadores de servizos de
1046 certificación.
- 1047 As actividades comprendidas anteriormente para realizar por conta do poderdante comprenderán a utilización do
1048 certificado de sinatura electrónica ante: a Administración Xeral do Estado, comunidades autónomas, entidades locais
1049 e os seus organismos públicos, sociedades, mancomunidades, consorcios ou calquera outros entes con ou sen
1050 personalidade xurídica vinculados ou dependentes dos anteriores, incluíndo a Administración institucional, territorial
1051 ou periférica e órganos reguladores; tamén realizar trámites ante oficinas e funcionarios públicos de calquera
1052 Administración, rexistros públicos, axencias tributarias, tribunais económicos-administrativos, de competencia ou de

- 1053 contas, notarías, colexios profesionais, sindicatos, autoridades eclesiásticas, organismos da UE e internacionais,
1054 órganos xurisdicionais, fiscalías, xuntas e xurados, xuntas arbitrais, cámaras de comercio, órganos constitucionais e
1055 calquera outros órganos, axencias, entes ou organismos de calquera Administración e demais entidades creadas e
1056 por crear, en calquera das súas ramas, dependencias ou servizos de calquera administración nacional, da UE ou
1057 internacional; así mesmo, poderán actuar ante persoas físicas, xurídicas, entidades, sociedades e comunidades con
1058 e sen personalidade xurídica, organismos, agrupacións, asociacións, fundacións, oenegués e demais entes de dereito
1059 privado previstos no ordenamento xurídico español, da UE e internacionais, para a realización, vía electrónica
1060 mediante a utilización do certificado de sinatura electrónica do poderdante e pola súa conta de todas as facultades
1061 anteriormente sinaladas.
- 1062 Así mesmo, está expresamente facultado para, sexa a favor de terceiras persoas ou sexa a favor de organizacións
1063 do S. N. de CCOO, instar e facer apoderamentos, e efectuar substitucións e delegacións, totais ou parciais, das
1064 facultades anteriores e de calquera outra que estea atribuída ao secretario ou secretaria xeral nestes Estatutos.
- 1065 Corresponderalle á Secretaría Xeral, ou indistintamente á Comisión Executiva da organización sindical
1066 correspondente, a facultade de adoptar as decisións consistentes no exercicio de accións xudiciais ou administrativas
1067 de todo tipo para a impugnación de disposicións legais e actos administrativos, de xeito que, adoptada a decisión, se
1068 trasladará esta aos e ás representantes procesuais, procuradores e procuradoras e avogados e avogadas, para que
1069 exerciten esta acción de impugnación.